



FAQ

Máster oficial en Traducción Multimedia

Referencia [19](#)

Nombre **SDL Trados Studio 2009**

Ayuda alumnado Martínez Blanco, Xulián

E-mail alumnado xulianmartinez@hotmail.com

FAQ-1 [¿Cuál es la diferencia entre SDL, SDLX, SDL Trados, SDLX y SDL Studio?](#)

Respuesta FAQ-1 SDL é a empresa fabricante dos diferentes programas. SDLX, na actualidade, está incluído en SDL Trados 2007 Suite (que á súa vez pode estar dentro de SDL Trados Studio 2009), e torna posíbel que SDL Trados Studio 2009 poida procesar arquivos creados en SLDX e SDL TMS. SDLX é unha ferramenta de tradución asistida por computador. SDL Trados 2007 Suite é un programa de tradución asistida por computador. SDL Trados Studio 2009 é un programa de tradución asistida por computador máis actualizado que o anterior, e que combina o mellor dos antigos SDL Trados 2007 Suite e SDLX. SDL Passolo Essential 2009 é un programa de localización de software (que en ocasións vai incluído tamén en SDL Trados Studio 2009).

FAQ-2 [Acabo de descubrir as bondades de SDL Trados Studio 2009 e quero instalalo no meu computador, pero comezo de cero porque non teño ningún tipo de experiencia cos programas que o precederon, como Trados, por exemplo. É posíbel comezar directamente co SDL Trados Studio 2009, sen ter ningún contacto cos seus antecesores?](#)

Respuesta FAQ-2 En teoría si, na práctica non, xa que para os novos usuarios que non teñan instalada ningunha versión anterior de SDL Trados recoméndase encarecidamente que instalen SDL Trados 2007 Suite antes de realizar a instalación do SDL Trados Studio 2009, polo que se deberán compaxinar os dous, xa que de non se facer así, non se sacará o rendemento completo do programa..
